



**Rosalía**, aínda que nos poemas se identificaba coas mulleres das aldeas, e sabía expresar os pensamentos e sentimentos delas, vestía á moda urbana, como calquera moza ou muller de cidade da súa época.



A roupa non se vendía xa feita en tendas. Facíase a man, cortando os tecidos e coséndoos, na casa ou nun obradoiro de costura, e custaba moi cara. Non podían ser compradas máis que unhas poucas pezas, que había que coidar para facelas durar moitos anos.

As mulleres das cidades, cando podían ir á moda lucían peiteados moi elaborados, con roupas cheas de lazos e adornos, e vestían sempre saias longas, até os pés

O coidado e ás veces tamén a feita da roupa era labor das mulleres da casa. Coser, remendar e zurcir as pezas gastadas ou rachadas, lavar, tender, secar e pasar o ferro eran tarefas pesadas e repetidas que había que facer a man, sen máquinas que axudasen nos labores.



Os homes máis elegantes usaban chapeus altos, as chisteras. Era elegante vestir á última moda, con pantalóns longos e gravatas ou lazos no pescozo. Usaban chalecos, e os que tiñan reloxo, que eran moi caros, levábanos nun peto do chaleco prendido cunha cadea. Cando ía frío usaban abrigos ou chaquetóns parecidos aos actuais. Calzaban zapatos de coiro, moi semellantes aos de hoxe en día.



# 3 O tempo de Rosalía

## A roupa e o vestido...

... entre Cantares Gallegos (1863) e Follas Novas (1880).

Son anos nos que aínda mulleres e homes visten roupas artesanais, feitas na casa con tecidos de liño ou la, seguindo a tradición, pero van chegando prendas feitas por encargo ou en fábricas, con novos materiais, como o algodón, e novas feitura, máis á moda.

Por non teren recursos para as comprar, as xentes das aldeas e vilas pequenas, aínda visten prendas tradicionais, que son moi diferentes ás que usamos hoxe en día.

Os que poden adquirir as novas modas, sobre todo nas cidades, visten estas roupas modernas, máis parecidas ás que nos poñemos na actualidade, moitas veces máis prácticas e cómodas. Co paso do tempo iran substituíndo as tradicionais.



No tempo de Rosalía as roupas de homes e mulleres eran totalmente diferentes, e ningunha peza era compartida. Parecería moi estraño vestir unha muller calzóns ou pantalóns, por seren prendas masculinas.



XUNTA DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA LUIS SEOANE



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



REAL ACADEMIA GALEGA



CASA DE ROSALÍA

As mulleres cubrían a cabeza cunha cofia ou pano.

Sobre a camisa levaban o dengue, e por riba da enagua, o refaixo e a saia, cun mandil por diante e pano cubrindo a cabeza.



Nas festas e celebracións usaban a roupa mellor que tiñan e con máis adornos: cofias, cintas, mantelos, alfaías, chaquetas ou zapatos, que non poñían a diario.



No inverno calzaban zocas para protexeren os pés da humidade, no verán ían descalzas.



*Nosa Señora da Barca  
ten o tellado de pedra;  
ben o pudera ter de ouro,  
miña Virxe, se quixera.*

Canta xente..., canta xente  
por campiñas e por veigas!

Canta polo mar abaixo  
vén camiño da ribeira!

[...]

Cantos dengues encarnados!

Cantas sintas amarelas!

Cantas cofias pranchadiñas

desde lonxe relumbrean,

cal si fosen neve pura,

cal froles da primaveira!

[...]

As de Muros, tan finiñas,  
que un coidara que se creban,

elas de negro se visten,


delgadiñas e lixeiras,

refaixo e mantelo negro,

zapato e media de seda,

negra chaqueta de raso,

mantilla da mesma peza,  
con terciopelo adornado,  
canto enriba de si levan;  
fillas de reinas parecen,  
griegas estatuas semellan  
si a un raio de sol poniente  
repousadas se contemplan;  
ricos panos de Manila,  
brancos e cor de sireixa,  
cruzan sobre o seu seio  
con pudorosa modestia,  
e por entre eles relosen,  
como brillantes estrelas,  
aderesos e collares  
de diamantes e de pelras,  
pendentes de filigrana  
e pechuguíñas de cera.  
As de Camariñas visten  
cal rapaciñas gaiteras,  
saías de vivos colores  
polo pescozo da perna,  
lucindo o negro zapato  
enriba de branca media;  
chambras feitas de mil raias  
azuladas e vermellas.



Os homes cubrían a cabeza coa monteira, aínda que se foi poñendo de moda a boina.



Sobre a camisa levaban chaleco, e unha faixa na cintura. Nas pernas gastaban calzón curto, até o xeonllo, deixando ver o final das cirolas (que era roupa interior) e as medias, pero a moda foi preferindo os pantalóns longos como prenda habitual.



Nos pés podían levar zocas, que eran unha especie de bota de coiro con sola de madeira.



O tempo de Rosalía é un tempo de cambios en todos os sentidos, cambios que non levaban a velocidade de hoxe en día, senón un ritmo máis pousado. A roupa tradicional do mundo rural, onde vivía aínda a maioría da poboación, usaba como fibras téxtiles o liño e a la, que estaban na base de todos os tecidos, elaborados moitas veces na propia casa. O cultivo de liño estaba moi estendido e aínda que fora en tempos material de exportación, no século XIX era na súa maioría de autoconsumo.

A feitura de tecidos na casa incluía as fiadas. As mulleres da familia, ou da aldea, dedicaban longas horas á elaboración de fíos a partir de fibras de liño ou la usando fusos, rocas de man e de roda. Estes fíos eran logo tecidos en teares para formaren panos, levados despois ao batán cando eran de la, para darlles densidade e consistencia. A la podía ser alternativamente transformada en feltro, mediante a compresión e o remollado, sen ser fiada e tecida, se ben a la era máis importada que producida en Galicia.

O corte e cosido das prendas acostumaba tamén ser feito polas mulleres de casa cando for a roupa de todos os días, a roupa de “a cotío”, seguindo os modelos tradicionais e con panos sinxelos ou de produción propia.

Só as roupas de festa ou de “garda” eran compradas a artesáns especializados, alfaiates ou costureiras, aos que se levaba o tecido da casa ou comprado para encargar as pezas. Estas prendas de garda podían conter sedas, veludos, panas e brocados, fibras e tecidos traídos de fóra, da mesma maneira que traballos máis elaborados como encaixes, calados e bordados.

Nestes tempos non existían tendas de roupa como as actuais. Só nas cidades podían ser achadas tendas onde comprar os tecidos, cintas, cordóns, fíos e botóns, así como tamén xastres ou costureiras a quen encargar o traballo de confección.

Precisamente as cidades están máis ligadas ás modas foráneas, que neste século incorporan novas fibras máis cómodas, prácticas e vistosas, como o algodón, e sobre todo, novos tecidos elaborados con máquinas nas novas fábricas téxtiles, tecidos cada vez máis industrializados e homoxéneos, e máis baratos.

As novidades van acompañadas de novas formas e modelos. Pezas tradicionais como dengues, cofias e refaixos, monteiras, calzóns e cirolas son substituídas por novas prendas: chaquetas, panos, mantóns, boinas e pantalóns, que irán dominando a vestimenta, ao tempo que a poboación vai migrando desde as aldeas a vilas e cidades, ou cara fóra de Galiza, empuxada polas carencias económicas, insuperables nalgúns momentos críticos.

A xeración de Rosalía, o Rexurdimento, dentro do seu programa de reivindicación e posta en valor da cultura galega, fixa nun momento determinado un conxunto de prendas e vestidos como o “traxe rexional galego”, que logo canonizarán e difundirán as agrupacións folclóricas musicais e de danza, converténdoo nun sinal de identidade recoñecible, se ben naquel momento histórico ese traxe era unha vestimenta case desaparecida, máis nas cidades que no rural, e máis no caso da roupa masculina que na feminina. Os autores do Rexurdimento láianse da desaparición da vestimenta tradicional con certa nostalgia, resaltando o seu valor cultural e etnográfico, pero sen percibir contradición co seu uso persoal do vestido moderno.

As novas modas dos vestidos do século XIX comparten, porén, dúas características básicas das prendas tradicionais: a súa forte relación coa clase social e co xénero. A roupa dos pobres é diferente da dos acomodados nas formas e nas pezas, alén dos custos ou cualidades, así como a roupa de mulleres é moi distinta á dos homes. E son diferencias que chegan ao punto de case non existiren prendas intercambiáveis entre os xéneros ou entre as clases. Socialmente non se concibe, fóra do Entroido e a súa subversión da



orde, que un rico leve boina ou un pobre gravata, ou que unha muller poida vestir pantalóns. Trátase dunha rixidez no uso da roupa que na actualidade está, en gran parte, superada. E temos constancia de seren estas características aínda máis esaxeradas en tempos anteriores a Rosalía, sobre todo na vestimenta feminina. A cor das pezas ou dos adornos, e ás veces a colocación, como os nós dos panos e mantelos, indicaban o estado civil da muller: solteiras, casadas e viúvas non podían vestir da mesma maneira.

A poesía escollida é un fragmento do sexto poema de “Cantares Gallegos”, no que Rosalía, a partir dos catro primeiros versos (en letra inclinada) que forman o cantar de tradición oral recollido do pobo no que se fala da romaría da Virxe da Barca, a poeta continúa cunha descrición das xentes que van chegando ao santuario de Muxía. Foron seleccionados uns versos descritivos das mulleres que van chegando no día da romaría, nos que se indican roupas e feitura con detalle. En ningunha composición deste libro, ou de “Follas novas”, se describe de xeito ningún a roupa masculina.



Na parte esquerda do interior do díptico figura un esquema básico da vestimenta feminina tradicional. Nestes anos, a cofia da cabeza estaba a ser substituída polo pano. O dengue, que no debuxo está só botado sobre os ombros, era cruzado sobre o peito para atar as puntas nun nó no lombo. Estaba tamén a desaparecer, substituído polo mantón, que se colocaba igual, pero era máis vistoso e colorido. Os mantóns comprábanse de importación, e os máis valorados proviñan da China nun principio, sendo adquiridos a través da colonia española das Filipinas, co nome de “mantón de Manila”, se ben foron fabricándose en Cataluña e Valencia co paso dos anos.

As enaguas e saias podían estar repetidas e recibir nomes distintos segundo as cualidades. Como curiosidade, todas as prendas eran atadas, unidas ou anoadas con cordóns e cintas. Os botóns tiñan uso ornamental nas roupas máis caras, porque non se abarataron ata a fabricación con máquina, e outros procedementos modernos de asegurar a roupa como corchetes, cremalleiras ou velcros, aínda non se inventaran.

O vídeo ligado no QR, que está en <https://www.youtube.com/watch?v=Opral4u5vz4> , é un tutorial de catro minutos sobre como poñer un traxe tradicional galego feminino feito polo alumnado da Uvigo, que dá unha idea do laborioso traballo de vestirse e desvestirse naqueles tempos.

Alternativas de dous minutos están en <https://www.youtube.com/watch?v=hWVqRzI-k0g> , en <https://www.youtube.com/watch?v=LTDuOokoV6E> ou en <https://www.youtube.com/watch?v=04WkEBZPhuU> . Unha explicación máis longa, sobre unha exposición de vestidos tradicionais feita en Pontevedra no 2015 en <https://www.youtube.com/watch?v=J3a8vOOzlcU> .

E en [https://www.youtube.com/results?search\\_query=tvq+desvestimonos](https://www.youtube.com/results?search_query=tvq+desvestimonos) hai unha serie de vídeos curtos de un minuto sobre distintos aspectos do traxe tradicional de muller.

Era moi habitual fóra das cidades non usar calzado ningún, así que camiñar descalzo ou descalza era normal para a maioría do pobo galego. As zocas de madeira eran unha solución para o frío e humidade do inverno, pero o calzado considerábase incómodo en xeral. As formas deste eran únicas, é dicir, non se facían zapatos ou botas diferentes para o pé dereito e esquerdo, e non había unha norma para tamaños e tallas, así que os zapatos novos magoaban a quen os usaba ata que o coiro se ía adaptando á forma de cada pé. Máis ou menos na época de Rosalía comezarán as modernas fábricas de calzado mecanizado a facer diferentes os zapatos do pé esquerdo e do dereito.


Na parte dereita é mostrado o esquema da vestimenta masculina. As monteiras tradicionais estaban a ser substituídas polas boinas, que se converteron nos chapeus usados por todos os homes na aldea, aínda que quizá a peza que máis rápido desapareceu foi o calzón e as cirolas. No tempo de Rosalía apenas se usa, e mesmo nas aldeas e con roupa “de garda”, os homes levan pantalón longo. Os estudosos do tema estiman

que os homes perderon as prendas tradicionais máis rápido que as mulleres por participaren en migracións temporais e por traballo, que os levou a imitar a maneira de vestir de fóra, mentres as mulleres quedaron máis prendidas no mundo aldeán e nas formas tradicionais.

Non se indica vídeo ningún sobre o vestido masculino por non teren sido encontradas referencias significativas. Aínda que feito por unha empresa fabricante de traxes, pode encontrarse unha reinterpretación moderna do traxe tradicional en <https://www.youtube.com/watch?v=lju7AuR2jck>

Na contraportada móstranse dous retratos, de Rosalía e do seu marido, Manuel Murguía, e para alén de explicar e presentar os modelos de vestimenta masculina e feminina das cidades, indícase o feito de non teren usado eles o traxe galego, como se explicou anteriormente.

Insístese no texto principal na explicación do traballo continuo de mantemento da roupa, labor que se reservaba en exclusividade para as mulleres. Nas aldeas, as mulleres da casa dedicaban gran parte do seu tempo a estes labores, e nas cidades conformaban un dos poucos traballos fóra da casa que unha muller de clase baixa podía encontrar. Coser, lavar, estender, pasar o ferro ou amañar a roupa eran dos poucos e mal pagos traballos que unha muller pobre podía encontrar nunha cidade fóra da súa casa e que fose aceptable para a sociedade da época.



A roupa cidadá no século XIX, tanto de xente humilde como máis acomodada, seguía modas de tipo global, máis ou menos relacionadas coa crecente presenza da mecanización do traballo téxtil e a extensión de modelos similares e uniformes.

En <https://www.youtube.com/watch?v=Pnrndm6bZB4> un vídeo de 8 minutos mostra unha muller de clase humilde (americana neste caso, pero máis ou menos da época de Rosalía) vestíndose para o labor diario. As prendas que emprega son similares ás que se puidesen empregar na Galiza da época na mesma clase social. En <https://www.youtube.com/watch?v=JtqHMRoFMWw> un vídeo de 5 minutos cunha rapaza inglesa do 1840 e en <https://www.youtube.com/watch?v=qosD40XBv8k> unha alternativa de tres minutos e medio, neste caso unha dama cun vestido de diario, e en [https://www.youtube.com/watch?v=i-e\\_pgmiWMQ](https://www.youtube.com/watch?v=i-e_pgmiWMQ) un cabaleiro acomodado inglés da mesma época.

O enderezo <https://www.youtube.com/watch?v=swnlqWRlpqg> mostra un home (un xardineiro inglés de clase humilde tamén) desta época vestíndose. Ten son en inglés describindo, pero as imaxes por si soas son significativas.

Unha dama de clase alta do 1850 en <https://www.youtube.com/watch?v=izrLIMZOqA0> (con voz en inglés), e un cabaleiro de idéntico nivel en <https://www.youtube.com/watch?v=Mz1vy5dwEds> (tamén con voz en inglés).

Con que materias se elaboraban os tecidos das roupas tradicionais?

\_\_\_\_\_

E as modernas? \_\_\_\_\_

Por que nas aldeas pervive máis a roupa tradicional, a diferenza das cidades? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Investiga cal é a tradición relacionada coa romaría da Virxe da Barca, que ten como elemento principal unha pedra:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Investiga tamén en que localidade se celebra esta romaría? \_\_\_\_\_

Que dúas localidades se mencionan ao describir os vestidos das rapazas que veñen deses lugares?

\_\_\_\_\_

En que comarca están situadas estas tres localidades? \_\_\_\_\_

No poema de Rosalía, de que cor se visten as rapazas de Muros? \_\_\_\_\_

En que se diferenciaban os calzóns do vestido tradicional do pantalón que se usa cada vez máis?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Fai unha listaxe de todas as tarefas que eran necesarias para coidar a roupa? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

En que se diferenciaban as zocas dos zocos? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Intenta debuxar unha muller e un home vestidos coa moda do tempo de Rosalía.

